

INTERVENCIONES  
NO PATRIMONIO  
ARQUITECTÓNICO

ANO 1996

## IGREXA DE SABUCEDO E CONTORNO

**DESCRIPCIÓN** A igrexa de Sabucedo aparece primeiramente como unha pequena ermida rexida e coidada por monxes de San Lourenzo de Carboeiro. Na actualidade presenta un aspecto barroco con fachada adornada por grilandas e un campanario central de duplo corpo. É de planta de cruz latina, cuberta con bóveda de canón de pedra, con orientación respecto ó eixo maior de Este-Oeste e acolle dúas capelas laterais e unha sancristía como prolongación da nave. No exterior, e formando unha unidade coa igrexa e o seu adro, existe un curro de estrutura e bancadas de formigón, no que cada 1º de Xullo se celebra a festa da "Rapa das Bestas". Dito espazo pon de relevo a confluencia de actitudes relixiosas e rituais da ofrenda a San Lourenzo desde 1708, o tempo que serve como expresión de identidade das xentes de Sabucedo e como vínculo de relación. Ademais é un lugar que, dalgún xeito, forma parte do sagrado tanto pola súa proximidade á igrexa como polo carácter máxico das cerimonias que nel se realizan.

**INTERVENCIÓN** A intención da proposta é recuperala antiga dimensión do curro e a súa escala coa igrexa, ó tempo que se retoxa esta no que precise: resolución de humidades, retellado, cepillado de muros interiores para suavizalo encintado, sollado do coro e nova carpintería. No exterior arránxase o muro que bordea a igrexa e realízase unha drenaxe perimetral. No curro desmóntase a bancada e refórzase o muro perimetral ampliándoo para así permitilo paseo polo seu bordo e gozar da vista dos cabalos. Créase un novo curro para poldros, apegado ó lado Este. A idea de base é a de recuperalo existente deixando que a propia naturalidade do lugar se imponha, axudándose na definición dos seus límites flexibles, os muros cuns bordos que serven tanto de paseo como de asento. Todos isto á beira dunha espléndida vista sobre o val.

## FICHA TÉCNICA

Proxecto, Pascuala Campos de Michelena  
Inmaculada Garcés Navarro, arquitectas.

Promotor: Consellería de Cultura e C. Social  
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural  
Secretaría Xeral para o Turismo

Empresa construtora, TUCONSA

Orzamento, 8.300.000 pts.





1	2
4	
3	5

1e 2. Estado inicial do curro. 3. Interior do curro, estado actual. 4. Vista da igrexa. 5. Detalle da porta da igrexa.

Planta xeral estado previo. Sección, estado previo. Planta xeral estado final. Sección, estado final.

